



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ REXISTRO XERAL	
ENTRADA n.º	
SAIDA n.º	02
DATA:	02/01/2024



DEPORTE  
GALEGO

## **CIRCULAR Nº 02/2024: Seguro Deportivo programa XOGADE 2024**

O período de cobertura do seguro deportivo do programa XOGADE é de toda a tempada.

Enténdese por accidente deportivo a lesión corporal que deriva dunha causa violenta, súbita, externa, e axena á intencionalidade do asegurado, sobrevenida por un feito ou ocasión do exercicio da actividade deportiva pola que o asegurado atópase afiliado e que produza invalidez temporal, permanente ou morte, sen patoloxía nin alteración anatómica previa.

**PÓLIZA NÚMERO 20221220319109 – Surte Seguros & Pensiones**

### **COBERTURA:**

A póliza cubrirá os accidentes que se produzan nas seguintes situacións:

- Durante a celebración de competicións deportivas dentro do calendario oficial da FEGAXA ou da FEDA realizados en circuito, estadio, pistas, instalación deportiva, terreno ou medio físico necesario e adecuado debidamente definido e autorizado polas correspondentes autoridades.
- Durante os adestramentos ou etapas de preparación deportiva, sempre que se realicen nas condicións de lugar que se expresan no parágrafo anterior e en presenza e baixo a dirección de adestradores, preparadores ou personal técnico cualificado.

Quedan excluídas as competicións organizadas por outras entidades ou administracións se non forman parte do calendario oficial da Federación correspondente.

### **ASEGURADOS:**

Compón o colectivo a asegurar a totalidade dos deportistas participantes na actividade federada realizada polos deportistas federados nados entre o 01 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2017 ambos incluídos.

### **PASOS A SEGUIR POLAS ENTIDADES:**

Os pasos a seguir polas entidades para comprobar que todo funciona correctamente son:

- 1.1 Solicitar a clave de acceso na páxina web de XOGADE (segundo as instrucións adxuntas).
- 1.2 Comprobar que todos os deportistas da súa entidade figuran correctamente inscritos na páxina web de XOGADE. A FEGAXA non se fai responsable se os datos d@ xogador/a (nome, apelidos, data de nacemento) están mal rexistrados polo delegado no programa XEFEGA.
- 1.3 Unha vez descargados e impresos os carnés xa se pode comprobar que ao lado do nome de cada deportista aparece o botón “parte de accidente”, o cal xa poderá ser cuberto en caso necesario.





FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



DEPORTE  
GALEGO

## PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE UN ACCIDENTE DEPORTIVO:

1. **EN CASO DE URXENCIA VITAL** (aquela que implica risco de morte ou secuela funcional grave para o doente en caso de non recibir atención médica inmediata) acudir ao Servizo de Urxencia máis próximo e comunicar o sinistro nun prazo de 24 horas.
2. **EN CASO DE URXENCIA NON VITAL:**
  - a. **Comunicación de accidente:**

Deberán comunicar o accidente **antes de acudir** a ningún centro por unha destas dúas vías:

    - Teléfono de asistencia: **881 850 087** – Tras facilitar á Xestora Médica os datos do lesionado e circunstancias do accidente, indicáraselle o centro médico ao que acudir para recibir a primeira atención médica.
    - Vía telemática a través da plataforma: <https://partesxogade.es> tras a recepción da comunicación do sinistro, recibirá unha confirmación de apertura. Un tramitador de Gerosalud contactará telefónicamente, á maior brevidade, para indicarlle o centro médico ao que acudir.
  - b. **Continuidade asistencial:**

Tras a primeira asistencia será necesario cumprir os seguintes requisitos:

    - Que a entidade que inscribiu ao deportista certifique o accidente na plataforma de Xogade (<https://inscripcion-xogade.xunta.gal>). O prazo para dito trámite é de 7 días.
    - Que os titores legais **autoricen a xestión de datos** do menor a través dunha mensaxe que recibirán no seu teléfono móbil.
    - Que se envíen os informes médicos nos que conste a prescripción de tratamento, rehabilitación, probas diagnósticas, ciruxía/ingreso hospitalario, etc. O lesionado ten a súa disposición o correo [xogade@gerosalud.es](mailto:xogade@gerosalud.es) e o portal <https://partesxogade.es>

Calquera acto médico, a excepción da urxencia vital, deberá contar coa autorización previa e deberá realizarse nos centros adheridos ao cadro médico.

A práctica deportiva en situación de baixa médica, será motivo de interrupción do proceso asistencial.

### **Cobertura odontolóxica:**

Será necesaria a comunicación e certificación do accidente.

Para a avaliación da cobertura, requirirase un informe odontolóxico.

A asistencia poderá tramitarse ata o límite de cobertura (250 euros) ou o 50% se o importe é superior a 600 euros.

### **Adquisición de material ortopédico:**

No caso de ser necesaria a adquisición de material ortopédico para a curación dun accidente ou lesión deportiva, e sempre que o prescriba un facultativo do cadro médico da compañía, cubrirase o 70% do seu custo.

Será preciso achegar a factura, acreditación do pago da mesma e certificado de titularidade da conta bancaria na que se quere recibir o ingreso.



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



DEPORTE  
GALEGO

### Asistencia no estranxeiro:

As saídas ao estranxeiro deberán ser comunicadas con 7 días de antelación no correo electrónico [deporte.escolar@xunta.gal](mailto:deporte.escolar@xunta.gal) mediante o formulario específico que se pode descargar na páxina web e na aplicación de Xogade.

En caso de producirse unha lesión en Portugal, deberase contactar telefonicamente (0034881850087) para a asignación de centro médico (salvo urxencia vital).

No resto de países, a cobertura realizarase por reembolso ata a contía máxima de 6.000€.

Para xestionar unha solicitude de reembolso ou para continuar coa asistencia en Galicia deberase comunicar o sinistro e aplicarse o mesmo procedemento descrito para a tramitación na Comunidade Autónoma de Galicia.

En caso de dúbidas, seguimento, queixas:

Teléfono de contacto: 881 850 087

No e-mail: [xogade@gerosalud.es](mailto:xogade@gerosalud.es)

Na web: <https://partesxogade.es>

Vigo, 02 de Xaneiro de 2024.

Asdo. Raquel Calleja Modia  
Secretaria Xeral da FEGAXA